


Sir Andrew John Wiles

(Cambridge, Inglaterra, 1953–)



Matemático británico que alcanzou fama mundial en 1993 pola demostración do último teorema de Fermat. O citado teorema establece que non existe solución, con números enteiros non nulos, para a ecuación:

$$x^n + y^n = z^n$$

se n é un enteiro máis grande que dous.

Wiles pasou oito anos en completo illamento traballando no problema. Para non levantar sospeitas, foi publicando artigos periodicamente, como faría calquera matemático de calquera universidade do mundo.

En 1993, Wiles creu que a súa demostración estaba rematada, pero aínda houbo que esperar dous anos máis –e contar coa axuda de R. Taylor– para que quedara definitivamente pechada.

Sobre o proceso de investigación el comenta:

Un entra na primeira habitación dunha mansión e está na escuridade. Nunha escuridade completa.

Vas tropezando e golpeando os mobles, pero aos poucos aprendes onde está cada elemento do mobiliario. Ao fin, tras seis meses máis ou menos, atopas o interruptor da luz, e de súpeto todo está iluminado. Podes ver exactamente onde estás.

Entón vas á seguinte habitación, e pasas outros seis meses nas tebras.

Así, cada un destes progresos, aínda que ás veces son moi rápidos e se realizan nun só día ou dous, son a culminación de meses precedentes de tropezo na escuridade, sen os que o avance sería imposible.